



SANTY LÓPEZ

Reigosa participa nas recolleitas de literatura oral que leva a cabo o Equipo Chaira en concellos de Lugo

O autor lucense afonda na literatura popular na súa obra gañadora do Merlín

Antonio Reigosa ve urxente valora-la cultura oral galega

O libro «Afonso, Alfonso. Memorias dun raposo», o libro co que Antonio Reigosa acadou o Premio Merlín 1998 non é un fito illado na vida literaria deste autor lucense. Detrás hai un traballo que bota a súa raíz na cultura oral e tradicional, a través das recolleitas de Reigosa e o Equipo Chaira, que teñen por obxectivo «poñer en valor» estas manifestacións que aínda perviven en zonas do eido rural.

LUGO. JESÚS FRAGA

Redacción

«O traballo máis urxente non é só recoller, senón tamén poñer en valor. A xente ten que ser consciente da importancia desa cultura oral e tradicional, e que saiban que merece a pena conservar esas manifestacións». Deste xeito describe o recente gañador do premio Merlín correspondente a 1998, Antonio Reigosa Carreira (Zozán, Mondoñedo, 1958) a filosofía que ampara a súa actividade no grupo Chaira.

Este colectivo leva desde 1992 percorrendo os concellos da Terra Cha recollendo e clasificando manifestacións orais, o material de que se nutre a obra coa que Reigosa foi galardoado, *Afonso, Alfonso. Memorias dun raposo*, polo que o autor considera este libro a consecuencia «da traxectoria destes últimos anos».

Engarzando historias

Neste libro, Reigosa vai engarzando diferentes historias «cada unha é como un conto independente», nas que o raposo, «o animal máis humano», serve de narrador unitario. A pesar de ter a súa orixe nas manifestacións orais, Antonio Reigosa establece una sorte de «filtro literario» no acabado final das historias. Máis aínda, o escritor cre que «o lector de hox en día non está afeito a entrar na literatu-

ra de tradición oral», pero tamén ve que os rapaces das urbes lles gusta esta tradición unha vez que chegan a ela.

Reigosa fala coa satisfacción e coñecemento que dan o contacto cunhas raíces profundas, «que non son estáticas, senón que se moven co tempo», e que se manifestan nunha riqueza inesgotable de formas: «As historias nunca se contan de igual xeito. Varíase o léxico en función do auditorio, se hai nenos, por exemplo. En cambio, cos adultos, se hai, poñamos por caso, unha relación sexual, fano moito máis explícito». Pero o traballo de preto coa cultura oral tamén fai ver unha faceta menos de-

sexable. Segundo Antonio Reigosa, «a literatura que provén da cultura popular ou tradicional está marxinalizada, ou quizais automarginalizada».

Polo tanto, para o autor é urxente que se «poñan en valor» estas manifestacións polos seus protagonistas, para que comprendan a importancia desa tradición que vive neles, a través da literatura oral convertida en impresa.

Pero «o importante é que se siga contando», di Reigosa, ante a preocupante invasión do costume de poñer-lo vídeo coa película da historia de sempre, e a perda da figura do pai ou avó que engaiola ós nenos cos seus contos.

A perda da habilidade de relata-lo mundo sen papel

Ademais de *Afonso, Alfonso. Memorias dun raposo*, Antonio Reigosa prepara a publicación dun novo libro *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*. «É parte do traballo levado a cabo polo Equipo Chaira no 96, no que se recollen as reunións que mantiñan os veciños no inverno, e nas que se contaba de todo». Segundo Reigosa, con esta obra saíran á luz dous contos que se engloban na categoría de «marabillosos», e dos que non se recolleran outros do mesmo tipo en Galicia.

Antonio Reigosa tamén é consciente de que desde os contos que el escoitou na súa nenez ata a actualidade se foron perdendo non só historias, senón tamén o costume e a habilidade para poder relata-lo mundo «sen necesidade de bolígrafo ou papel». O escritor sabe que a trasposición dese reino máxico de palabras, que foron o xermolo na infancia de moitas paixóns pola literatura, perde por forza parte do seu encanto nos libros: «Existe todo un código xestual, ou de inflexións nas voces que non se pode levar ó papel», xa que este tipo de literatura oral necesitaba da participación de moitos sentidos, e non só o da vista.